


## Colaboración

## O mosteiro feminino de Sobrado de Trives na Idade Media: novas descubertas documentais para seguirmos reconstruíndo a súa historia



MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ\*

O mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives, ocupado por monxas bieitas desde o século XII até o século XVI, foi unha das institucións máis destacadas das Terras de Trives durante a Idade Media e incluso podemos afirmar que é un dos mosteiros femininos máis interesantes dentro dos numerosos que existiron na Galicia medieval. Por iso, non resulta estraño que diferentes autores xa se teñan interesado non só pola súa historia—non esquezamos que se trata dunha historia protagonizada principalmente por mulleres—, senón tamén polos fermosos restos románicos que aínda hoxe podemos admirar na igrexa de Sobrado ou polos numerosos pergamiños que conformaron o arquivo monástico; un rico patrimonio documental, este último, que actualmente está disperso por diferentes institucións, entre as que destaca o mosteiro de San Paio de Antealtares de Santiago de Compostela, ao que foi anexado Sobrado a comezos da Idade Moderna, converténdose daquela nun priorado das monxas compostelás. Lembremos tamén que as relixiosas de Sobrado formaron parte dese pioneiro grupo de persoas e institucións que comezaron a empregar a lingua galega para escribir os seus documentos xa a mediados do século XIII. De feito, a meirande parte dos pergamiños que conservamos actualmente sobre o pasado medieval do mosteiro—que son os que nos permiten coñecer o poder económico e social que tiveron as abadesas e as

monxas de Sobrado sobre a contorna— están redactados en galego. Todo este conxunto de factores debería animarnos a reivindicar o pasado de San Salvador de Sobrado de Trives como unha das maiores riquezas históricas do noso presente. Así me gusta facelo nas miñas investigacións sobre as mulleres medievais galegas e así me gustaría que o fixeran as autoridades e a veciñanza da miña terra. De feito, creo que só coñecendo en profundidade o noso patrimonio e a nosa historia será posible reivindicalos e dalos a coñecer, como merecen, ante os demais.

A pesar do moito que xa sabemos sobre o mosteiro e as súas relixiosas, non por iso debemos


dunha ducia de documentos do mosteiro que se consideraban perdidos ou cuxa existencia era descoñecida até o de agora. A maioría destes pergamiños, localizados en arquivos que nos levaron de Madrid a Compostela, pasando por Vigo, Ourense ou A Coruña, insisten no mesmo: no poder económico das relixiosas—propietarias de numerosos bens que aforaron a homes e mulleres da contorna—; na influencia e proxección do mosteiro, converténdose en receptor de amplas doazóns e legados testamentarios; ou na relevancia social das súas abadesas, mulleres emparentadas coas principais liñaxes da zona e que en moitos casos actuaron como eficaces xestoras do patrimonio monástico, incluso

tamén estaba unha monxa chamada Isabel López, quen nese ano vendeu a Beatriz Núñez de Lousada unha renda que lle pagaba anualmente un veciño de Celeiros (Queixa) chamado Rodrigo. O que está claro é que as abadesas e as monxas de Sobrado aparecen na documentación conservada como mulleres cunha intensa socialización dentro e fóra do claustro. Para nada foron mulleres illadas do mundo. Ao contrario. E de feito, iso é o que explica que cando os reformadores intentaron visitar o mosteiro a principios do século XVI para apoderarse del e incorporalo a Antealtares *mucha gente armada (...) estaba a favor de la abadesa. Incluso relátase que salieron a ellos diez o doce o*


*por lo cual cesó por entonces de hacer la reforma.* Aínda que a vida de Sobrado como mosteiro independente rematou pouco tempo despois, sen dúbida as xentes da contorna apoiaron até o final as súas relixiosas, auténticas señoras feudais nas Terras de Trives, como demostran as fontes medievais.

En todo caso, todas estas novas descubertas documentais nas que estou traballando e que espero dar ao prelo nos próximos meses non deben darnos a idea de que por fin xa está todo dito sobre as monxas de Sobrado. Ao contrario, é simplemente unha mostra do moito que podemos seguir atopando para coñecer máis e mellor a historia do mosteiro feminino de San

FOTOS: MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ



Pórtico do s. XIV da igrexa monástica de San Salvador de Sobrado (Trives).



Ábside deste mesmo templo trivés.

conformarnos co sabido e, daquela, unindo a querenza pola terra coa paixón pola investigación histórica, precisamos seguir dedicando parte dos nosos esforzos a descubrir máis cousas sobre a historia de Sobrado. Froito destas inquiredanzas conseguín localizar durante o ano 2020 máis

en épocas de crise. Tamén descubrimos con sorpresa que en 1528 non só seguía por Trives a abadesa dona Inés de Quiroga, quen preiteou ata chegar a Roma por recuperar o mosteiro de Sobrado tras ser incorporado oficialmente a San Paio de Antealtares a comezos desa centuria, senón que por alí

*más hombres, con sus armas, e diz que le dieron de palos al dicho abad, e asimismo diz que dieron al prior con un calo en la cabeza e al alguacil ciertas pedradas, e a los hombres que iban con ellos, por no se defender, diz que a los unos dieron de palos, a los otros de golpes, e al uno una cuchillada*

Salvador de Sobrado de Trives durante a Idade Media, o que é sinónimo de coñecer, máis e mellor, a nosa propia historia.

\* Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC). Universidade de Santiago de Compostela